

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O NADAL 2012 DESDE A CONCELLARÍA DE CULTURA, SERVIZOS SOCIAIS E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E A CONCELLARÍA DE DEPORTES

1. **Concilia no Nadal:** actividade dirixida a nenos/as de 3 a 10 anos de idade. Inscripción a partir do luns 19 de novembro no departamento de educación familiar (preferencia empadroados/as, prazas limitadas e por rigorosa orde de chegada). Terá lugar no edificio verde de Ponteceso (antiga ESO) e na Casa do Mar de Corme.

Días: Ponteceso: 1, 15, 22, 26,27, 28 e 29 de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro, de 16:00 a 19:00 h

Corme: 26,27, 28 e 29 de decembro, de 10:00 a 13:00 h

2. **Campaña de prevención do VIH:** o 3 de decembro repartirase información e material sobre esta temática (folletos e preservativos) nos diferentes centros municipais, centro de saúde e no IES.
3. **Tenis en Nadal:** nas mañás do 27 e 28 de decembro nos pavillóns municipais de Corme e Ponteceso.
4. Nas **escolas de informática didáctica** que se están levando a cabo nas aulas municipais de Corme e Ponteceso traballarase transversalmente a temática do Nadal a través do **Proxecto European Santa Claus**.
5. **XVI Certame de Corais:** celebrarase o sábado 22 de decembro ás 20:30 horas na Igrexa dos Remedios de Corme coa participación das corais do concello e unha coral convidada de Betanzos.
6. **Cine de nadal.** 27 de decembro ás 19.00h no pavillón municipal en Corme. 3 de xaneiro ás 19.00h na Casa da Cultura en Ponteceso.
7. **Teatro de nadal.** 28 de decembro ás 19.00h na Casa da Cultura en Ponteceso. “Pequena” de Talía Teatro.
8. **Visita do Carteiro Real** nos colexios: o día 17 visitará á Gardería Galiña Azul, o 20 ao CRA e o 21 ás Forcadas e ao Pondal para recoller as **Cartas en galego aos Reis Magos** que se lles facilitaron desde o departamento de Normalización Lingüística.
9. **Cabalgata dos Reis Magos:** o venres 4, pola tarde, e o sábado 5, pola mañá, os Reis Magos visitarán as parroquias da localidade en tren.  
Despois, de 17:00 a 20:00 horas as Súas Maxestades recollerán as cartas no pavillón de Ponteceso onde vos espera unha festa real. Inchables, degustación de roscón de reises con chocolate, etc.

